



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de ABRIL de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e dous de abril de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr Pardo Espiñeira (RA do 22/04/2025) por ausencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(260).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de abril de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(261).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO. EXPTE. 10642/113.

Visto o informe xurídico do 19/03/2025 e o informe de fiscalización do 08/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/03/2025, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do subministro de diverso material consumible informático (expte. 10018/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de maio de 2023, á empresa OTEMAR 2020, S.L.L. por un prezo de 30.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,62 euros).

O contrato formalizouse en data 12/06/2023, entrou en vigor o 13/06/2023 rematando o 12/06/2024.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/04/2024 autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 13/06/2024 ao 12/06/2025, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:
 - *Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: contémpanse 3 prórrogas anuais”*.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2023 e 2024.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:

“O subministro de material non inventariable aboarase unha vez comprobado a correcta recepción con factura mensual”.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 30.000,00 euros, dos cales 5.206,61 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2211200 (Repostos de informática non inventariables).

5. A empresa *OTEMAR 2020, S.L.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co subministro de diverso material consumible informático

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

- ### 6. Consta no expediente notificación número 47173-2025 recibida pola empresa con data 11/03/2025 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
- ### 7. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 7 de marzo de 2025, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal maillo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a SEGUNDA PRÓRROGA DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO (EXPTE 10018-113) polo período dun ano, do 13 de xuño de 2025 ao 12 de xuño de 2026, polo importe total de 30.000,00 € IVE incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **15.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe total</i>
9207.2211200 (Repuestos de informática non inventariables)	2025	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €
Total exercicio 2025				15.000,00 €

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **15.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe total</i>
9207.2211200 (Repuestos de informática non inventariables)	2026	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €
Total exercicio 2026				15.000,00 €

- 4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administra-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

tivo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(262).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 2081/441.

Visto o informe de fiscalización do 15/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 10/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Reforma das dependencias da Policía Local” (2081-441)(emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reforma das dependencias da Policía Local” (2081-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para a “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (138.684,93 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2024	10.000,00 €
------	-------------

2025	128.684,93 €
TOTAL	138.684,93 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17.10.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320015 - proxecto de gasto 24933015 (Reforma dependencias Policía Local), provinte da modificación orzamentaria nº 11/2024, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 86/142), por importe de 10.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 9330.6320015, crédito por importe de 128.684,93 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.286,85%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 27 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Reforma das dependencias da Policía Local” (2.081-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMPERVELPER, S.L.	83,74
2	CIES OBRA CIVIL, S.L.	80,18
3	BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	65,53
4	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	26,74

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMPERVELPER, S.L. (B-36.428.043), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMPERVELPER, SL, o día 7 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida o 16 de marzo de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de marzo de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a IMPERVELPER, SL para que puidera emendar a documentación relativa á adxudicación consonte ao artigo 150 da LCSP. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación correctamente e en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que consta o obxecto social e o poder de representación da mercantil.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (137.538,78 €), presentan as contasdo ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (138.684,93 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Xustificación de transferencia por un importe de 5.386,94 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMPERVELPER, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMPERVELPER, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 e 27 de febreiro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IMPERVELPER, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reforma das dependencias da Policía Local” (2081-441) coas seguintes por un prezo total do contrato de 130.363,84 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.625,13 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(263).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII). EXPTE. 12145/307.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Visto o informe de fiscalización do 15/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 10/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de reforma da fachada e acondicionamento de local municipal na rúa Santiago (Paseo de Alfonso XII) (12145-307) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de reforma da fachada e acondicionamento de local municipal na rúa Santiago (Paseo de Alfonso XII) (12145-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento simplificado e tramitación ordinaria DAS OBRAS DE REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII), segundo proxecto redactado polo arquitecto Alfredo Sirvent Silveira, cun orzamento base de licitación de CENTO DEZANOVE MIL CENTO SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (119.106,80 €) IVE incluído, sendo o importe correspondente ao IVE de VINTE MIL DOUS SEISCENTOS SETENTA E UN EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (20.671,43 €), e segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	40.000,00 EUROS
2025	79.106,80 EUROS
Total	119.106,80 EUROS

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17 de outubro de 2024.

3º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 3360.6320010 L. MUNICIPAL PRAZA DA FONTE. RUA SANTIAGO (proxecto 24336010) por importe de 40,000,00 euros, e asumir o compromiso de dotar no orzamento do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 3360.6320010, crédito por importe de 79.106,80 euros

4º.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 197,77%.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 13 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de reforma da fachada e acondicionamento de local municipal na rúa Santiago (Paseo de Alfonso XII) (12145-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL	97,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva, segundo se esixe no apartado 9 do Anexo I (FEC) e na cláusula 19 do PCAP
- Anexo IV do PCAP co nomeamento do/a delegado/a do contrato, o acordo de confidencialidade e autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, e a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas.
- Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional esixidas no apartado 5 do Anexo I (FEC) do PCAP.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, o día 14 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida o 20 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de marzo de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL para que puidera emendar a documentación relativa á declaración de vixencia dos datos do rexistro e á acreditación da solvencia técnica e profesional. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa declaración de vixencia dos datos do rexistro, no que consta o obxecto social, o poder de representación e os certificados positivos de débedas coa AEAT, TXSS e a ATRIGA.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (82.685,71 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (119.106,80 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Xustificación de ingreso por importe de 4.643,18 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 10 de marzo de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación de data 13 de marzo de 2025 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de reforma da fachada e acondicionamento de local municipal na rúa Santiago (Paseo de Alfonso XII) (12145-307) por un prezo total de 112.364,91 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.501,35 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(264).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E OBRA DO MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7087/241.

Visto o informe de fiscalización do 15/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/04/2025, asinado pola xefa do servizo de Contratación, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola titular da Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto mixto de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto mixto de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación mixta, de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441).

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 18 de maio de 2021, acordou adxudicar este procedemento a CIVIS GLOBAL, S.L.U. coas seguintes condicións por un prezo total do contrato é de 8.400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.457.851,24 euros, cunha porcentaxe de desconto do 24,52% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no Anexo III do PPT.

Terceiro.- O contrato formalizouse o 10 de xuño de 2021 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de 4 anos, prevéndose unha prórroga dun ano de duración.

Cuarto.- Con data do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo (expte. 6.820-241):

“1º.- Modificar o contrato mixto, de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441), nos termos sinalados neste informe.

Esta modificación consiste na ampliación do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato debido ao deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación excede do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.200.000,00 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2022	50.000,00 €
2023	1.150.000,00 €
Total	1.200.000,00 €

Esta modificación representa un 14,29% do prezo do contrato.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

Quinto.- Con data do 11 de marzo de 2025, o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (responsable do contrato), coa conformidade do Concelleiro da Área de Goberno de fomento, Servizos e Deportes do 12 de marzo, emiten informe no que solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor do *“incremento das operacións de reparación e mantemento”*.

Sexto.- O 17 de marzo de 2025, a técnica de Xestión, o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, coa conformidade do concelleiro da Área de Goberno de fomento, Servizos e Deportes emiten informe proposta para a aprobación da prórroga deste contrato polo período comprendido entre o 11 de xuño de 2025 e o 10 de xuño de 2026.

Sétimo.- Previa devolución polo Servizo de Contratación, con data do 26 de marzo de 2025, o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, coa conformidade do concelleiro da Área de Goberno de fomento, Servizos e Deportes, emiten novo informe para a modificación do contrato que corrixe o do 11 de marzo de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Oitavo.- Con data do 3 de abril de 2025 a concelleira de Área de Goberno de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

Noveno.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, D. Fidel Fernández Mosquera, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.U., manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito de data 9 de abril de 2025 (documento nº 250083574).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia,

transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego contempla a modificación do contrato nos seguintes termos:

- A) *“ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
- B) *ASPECTOS A MODIFICAR: o importe do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato*
- C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
 - *Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso*
 - *Un incremento do inventario de infraestruturas viarias obxecto do contrato*
- D) *LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato*
- E) *ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:*
Non terá a consideración de modificación a variación que durante a correcta execución das prestacións se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas no contrato, as cales poderán ser recollidas na liquidación, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato”.

O apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e o Anexo III do PPTP recollen os prezos unitarios que serán de aplicación.

A modificación obxecto deste informe solicítase polo Servizo Administrativo e de Control orzamentario da Área de Fomento mediante informe asinado o 26 de marzo de 2025 polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (responsable do contrato), coa conformidade do Concelleiro da Área de Goberno de fomento, Servizos e Deportes, nos seguintes termos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

“ANTECEDENTES:

O contrato de “SERVIZOS E OBRA, DO MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO”, adxudicado á empresa Civisglobal S.L., por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de maio de 2021, ten como obxecto do contrato a prestación dos servizos de acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do termo municipal.

En data 17/03/2025 asínase o Informe Proposta para a aprobación da “PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO” formalizado coa entidade mercantil CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), polo período comprendido dende o 11/06/2025 ata o 10/06/2026.

No anexo III do Prego de prescricións técnicas inclúense os cadros de prezos de aplicación durante a execución do contrato e no Anexo II a xustificación dos mesmos.

No transcurso do ano, a detección dunha serie de incidencias e necesidades detectadas nas infraestruturas municipais que superan o custo económico da anualidade, fan necesaria a disposición de crédito, xa que o custo económico de resolvelas en conxunto, xunto coas labores habituais de conservación supera o disposto na anualidade.

Entre outras actuacións que é necesario acometer, cabe destacar a reparación das estruturas viarias, a renovación e instalación de elementos de contención en diferentes niveis, así como a reparación de esculturas e monumentos emblemáticos da cidade.

Nas Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 14.c do citado contrato descríbense como circunstancias que determinan a modificación do contrato “Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso”.

A anualidade dispoñible para o presente ano 2025, que finaliza o 26 de xuño de 2025 é de 700.000 euros IVE incluído. O importe que representan as operacións ordinarias levadas a cabo no mes de xaneiro supoñen un importe de 378.409,65 €, restando este importe da anualidade quedarían dispoñibles 321.590,35 € para o presente contrato de febreiro a xuño, esta cantidade soamente cubre as actuacións máis básicas de reparación de beirarrúas e firmes neste período.

Tendo en conta a campaña de revisión do estado estrutural dos diversos elementos existentes na vía (esculturas, estruturas, viais...). Dan como resultado que, para garantir o correcto mantemento, conservación e arranxo do viario da cidade, evitando riscos á cidadanía, considérase necesaria a modificación do citado contrato para incrementar as operacións de reparación e mantemento de forma urxente.

MODIFICACIÓNS:

Cos condicionantes anteriormente descritos, se recolle a continuación a

valoración económica prevista para as principais actuacións que se deben executar na anualidade 2025.

Se dividiran en tres grupos:

- A reparación de estruturas de estradas municipais.

Se atoparon puntos en mal estado nos que se detectan deficiencias estruturais con perigo de derrube. Os máis perigosos están situados en:

- Voladizo do miradoiro Paseo de Alfonso (zona centro): ademais da perda de sección xa detectada anteriormente nos últimos tempos detectáronse leves desprendementos.
- Camiño Canotais (Beade): muro de contención dun regato do Lagares e paso elevado sobre este, danado polas últimas choivas.
- Avenida da Hispanidade, acceso ao colexio Villa Laura (centro): percepción de importante desplome no muro de acceso ao colexio.
- Camiño de Outeiro de Cidáns (Zamáns): reconstrución do muro que sostén parte dunha calzada.
- Rúa Río (Bembrive): ponte con danos estruturais, cunha reparación provisional de apuntalamiento con perfís metálicos, pero necesaria unha reparación definitiva.
- Praza do Rei (zona centro): análise do reforzo necesario para liquidar as deficiencias detectadas na estrutura soporte da praza do Rei.

Estímase necesaria a dispoñibilidade duns 378.409,65 € incluído IVE.

- Reparación de monumentos de Vigo

No Prego de Prescricións Técnicas ven recollido a reparación destes elementos. Debido a actos de vandalismo e accidentes de tráfico, atopáronse deficiencias nos seguintes elementos; Escultura “A Familia” (rúa Vía Norte), escultura “ O Corredor” (avenida de Florida).

Estímase que ascenden as costas totais de estas reparacións a: 101.230,35 € incluído IVE.

Tendo en conta o exposto anteriormente, considérase necesaria a incorporación de 479.640 euros IVE incluído, para así poder dispoñer de crédito suficiente que permita a execución cun alcance adecuado das tarefas de conservación ordinarias necesarias. Así como das actuacións necesarias para garantir a seguridade no viario municipal ata o fin da anualidade en xuño de 2025.

En vista dos traballos a executar para a reposición das necesidades e afeccións detectadas, non é preciso a incorporación de materiais e unidades de obra novos nos Anexos II e III do Prego de prescricións técnicas.

A continuación, achégase o resumo económico do importe adicional do presente modificado:

Anualidade 2025:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	432.236,91 €
13% Gastos Xerais	51.868,43 €
6% Beneficio Industrial	25.934,21 €
1,5% Gestión de Residuos	6.483,55 €
2 % Seguridad y Salud	8.644,74 €
SUMA PARCIAL	525.167,85 €
Baixa de Adxudicación 24,52%	128.771,16 €
SUMA	396.396,69 €
21% IVE	83.243,31 €
ORZAMENTO LÍQUIDO	479.640,00 €

A aplicación orzamentaria á que vai imputada este importe adicional do modificado é a seguinte:

- 1532.210.00.01

CONCLUSIONES:

A causa do incremento das operacións de reparación e mantemento propostas no presente expediente se corresponden coas circunstancias que determinan a modificación do contrato, recollida no Anexo I das Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 14.c:

“Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.”

O presente incremento calculado para a anualidade de 2025 é de 479.640,00 € IVE incluído,

O incremento das operacións para a presente anualidade é dun 5,71 %, que xunto co modificado realizado nas anualidades 2022 e 2023 dun 14,29 %, non supera os límites da modificación establecidos no punto 14.c das F.E.C. do 20% do prezo do contrato”.

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- A modificación vén motivada por un *“incremento das operacións de reparación e mantemento”*.

Trátase dunha modificación prevista cuxo aspecto a modificar é *“o importe do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato”* - apartado 14B das FEC do PCAP) e obedece a circunstancias recollidas no apartado 14C:

- *“Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso”*
- A modificación supón un segundo incremento do orzamento máximo recollido no apartado 3A da FEC de 479.640,00 euros para atender ás necesidades da anualidade de 2025. Indica o informe do servizo xestor “[...] A anualidade dispoñible para o presente ano 2025, que finaliza o 26 de xuño de 2025 é de 700.000 euros IVE incluído. O importe que representan as operacións ordinarias levadas a cabo no mes de xaneiro supoñen un importe de 378.409,65 €, restando este importe da anualidade quedarían dispoñibles 321.590,35 € para o presente contrato de febreiro a xuño, esta cantidade soamente cubre as actuacións máis básicas de reparación de beirarrúas e firmes neste período [...]”.
- Esta segunda modificación representa un 5,71% do prezo do contrato, que sumado ao da primeira modificación (14,29%), se atopa dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20% (5,71%+14,29%=20%), segundo o disposto no apartado 14D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP que prevé que *“no caso de que, dentro da vixencia do contrato as necesidades reais fosen superiores ás inicialmente estimadas, deberá tramitarse a correspondente modificación. Para tales efectos, a documentación que rexe a licitación deberá prever a posibilidade de que o contrato poida ser modificado como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose para tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades”*.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (8.400.000,00 euros), se trata dunha modificación prevista no PCAP. Durante o trámite de audiencia, o contratista manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito de data 9 de abril de 2025 (documento nº 250083574). O poder de representación do asinante consta na certificación do Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público incorporada ao expediente.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: o mantemento das infraestruturas viarias, competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 479.640,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1532.210.00.01, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe (IVE incluído)
2025	479.640,00 euros

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como a modificación non se atopa nos casos previstos nas letras a) y b) do apartado 2 do artigo 205, non ten que publicarse o anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicase esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 19.819,83 euros.

Durante o trámite de audiencia, o 8 de abril de 2025 o contratista, ademais de presentar a súa conformidade coa modificación, presentou aval polo citado importe, polo que unha vez aprobada a modificación procederase ao seu depósito na Tesourería Municipal.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“*As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación*”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato mixto de servizos e obra do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441), segundo o solicitado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (responsable do contrato) mediante informe do 26 de marzo de 2025, conformado polo concelleiro da Área de Goberno de fomento, Servizos e Deportes

Trátase da segunda modificación do contrato, dunha modificación prevista cuxo aspecto a modificar é “o importe do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato” (apartado 14B das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares) e obedece a unha das circunstancias recollidas no apartado 14C (“un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso”).

A modificación supón un segundo incremento do orzamento máximo recollido no apartado 3A da FEC de 479.640,00 euros para atender ás necesidades do contrato ata xuño de 2025.

Representa un 5,71% do prezo do contrato, que sumado ao da primeira modificación (14,29%), se atopa dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20% (5,71%+14,29%=20%), segundo o disposto no

apartado 14D da FEC.

2º.- O importe da modificación aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 1532.210.00.01, coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidade de aplicación	Importe	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2025	479.640,00 euros	5,71%

3º.- Unha vez aprobada a modificación, procederase ao depósito da garantía presentada polo contratista o 8 de abril de 2025 polo importe de 19.819,83 euros.

4º.- Notificar este acordo ao contratista, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

6º.- Comunicar ao Consello de Contas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

6(265).- BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, “VIGO EMPREGA 2025”. EXPTE. 21480/77.

Visto o informe de fiscalización do 09/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/03/2025, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Emprego, ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Quinta Tenencia de Alcaldía e Concelleira da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, pon en marcha este plan, concretado na realización de contratos de duración determinada, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral, en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas coa actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Plan Municipal de Emprego, estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

O Plan Municipal de Emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 9 meses en cada unha das dúas quendas previstas, creando oportunidades de emprego e mellorando os espazos públicos de carácter e título municipal.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 21387-77 consta remitido en data 19/02/2025 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral “Vigo Emprega 2024” do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 20/03/2025 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego Programa “Vigo Emprega 2024” do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

III. BASES REGULADORAS:

As Bases reguladoras do programa establecen que as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

Auxiliar administrativo	Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería	Peóns xardinería- forestal
Técnico Auxiliar de PRL	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánico de maquinaria	Peóns construción
Delineante	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura	
Capataz construción	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal	
	Oficial electricidade		
	Oficial albanelería		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

A **Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN** establece que os contratos terán unha duración máxima de 9 meses (frónse aos 6 meses de convocatorias anteriores) que coincidirá coa duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente de acordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2025 para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Ao abeiro das modificacións introducidas polo art. 1.3 do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022 (con entrada en vigor o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei) – as administracións públicas poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses (Disposición Final segunda).

E A este respecto, cómpre indicar que con data 20/03/2025 a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2025 do Concello de Vigo, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais de data 12 de marzo de 2025 no que entende que: “(...) *non existe incompatibilidade PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2025 do Concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollen as bases reguladoras das axudas,...(..)*”. E sinala tamén que: “(...), *dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizos públicos das CCAA a través do Programa Anual de Fomento do Emprego Digno, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoque para este ano 2025 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia..*”.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

- Base 7ª. FORMACIÓN:

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de 9 meses; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización.

Introdúcense coma novidade varias unidades formativas correspondentes a módulos formativos asociados a certificados de profesionalidade da familia profesional da construción, incluídas no catálogo de accións formativas do SEPE, que se ofertan de xeito independente co fin de promover e facilitar a aprendizaxe permanente das persoas beneficiarias do programa a efectos de favorecer a acreditación de ditas unidades de competencia, favorecendo o acceso das persoas traballadoras a unha formación aberta, flexible e accesible, estruturada en forma modular, na liña da formación do Subsistema de Formación Profesional para o Emprego; estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Códigos	PROGRAMA DE FORMACIÓN	Nº Horas	Temática	Especialidade
	<i>PRL para traballos de albanelería parte común e específica</i>	16h	Formación básica de prevención de riscos laborais	PRL
	<i>PRL para xardinería parte común e específica</i>	7h		
	<i>PRL Equipos de albanelería</i>	2h		
	<i>PRL Equipos de xardinería</i>	2h		
	<i>PRL para Oficios parte común e específica</i>	10h		
	<i>PRL Equipos dos diferentes oficios</i>	2h		
	<i>PRL condutores parte común e específica</i>	10h		
	<i>PRL manipulación cargas camión cesto izado de cargas portacontedores e remolque</i>	12h		
	<i>PEMP- Plataforma elevadora</i>	3h		
	<i>PRL específico para oficinas</i>	4h		
	<i>Sinalización</i>	1h		
	<i>Escadas e varandas</i>	1h 30 min		
	<i>Montaxe de andamio tubular</i>	3h		
UF0302	<i>Proceso e preparación de equipos e medios en traballos de albanelería</i>	40h	Especialización Técnica cursos teórico prácticos.	Construción
EOCJ014	<i>Sistemas de illamento Térmico Exterior. Rehabilitación enerxética de fachadas</i>	20h		
UF1554	<i>Instalacións simples de tabiques e trasdosados de placa de seixo laminado</i>	40h		
FMEC003	<i>Fabricación e montaxe de construcións metálicas.</i>	45h		
MF0882	<i>Montaxe e instalación de elementos de carpintería e moble.</i>	28h		
ENAC15	<i>Eficiencia enerxética en instalacións de aerotermia.</i>	30h		
	<i>Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.</i>	5h	Orientación e Sensibilización	Comúns
	<i>Igualdade de oportunidades</i>	10h		
	<i>Alfabetización dixital, tramitación e administración dixital</i>	10h		
	<i>Sensibilización Ambiental</i>	10h		
AGAJ004	<i>Curso xardinería e paisaxismo</i>	50h	Especialización Técnica cursos teórico prácticos.	Xardinería

- Base 8ª. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN:

As dificultades advertidas en anteriores convocatorias para conseguir que se cubran a totalidade dos postos ofertados, conleva a necesidade da introdución de novidades nas fases do proceso de selección, ca finalidade de reforzar os mecanismos que permitan acadar o número necesario de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito. De xeito que se definen con maior concreción os sistema de admisión e de selección (e se introduce unha primeira entrevista persoal na que se valore a actitude e interese que demostra a persoa candidata na participación no programa).

Unha vez aprobadas as bases reguladoras da convocatoria procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro electrónico de editos e anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma anuncio do inicio do procedemento de selección de persoas candidatas ao programa (pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.

8.1 Sistema de admisión

1. O sistema de admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.
2. O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitará ao SPEG as persoas traballadoras que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións

ofertadas. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia no prazo que se indique na oferta.

As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS ás persoas candidatas remitidas, de ser necesario.

No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

3. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, verificarase o cumprimento dos requisitos imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e procederá á declaración provisional das persoas admitidas e excluídas. As persoas que non cumpran os requisitos definidos nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL) en colaboración cos servizos municipais de Igualdade e de Benestar Social do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

8.2 Sistema de selección

1. Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase por parte da Comisión de Selección á realización dunha entrevista persoal e probas: escrita e práctica.

2. **Entrevista: (máximo 3 puntos).** Realizarase unha entrevista persoal na que se valore a actitude e interese que demostra a persoa candidata na participación no programa. Valoraranse actitudes profesionais e formativas previas, aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa.

Solicitarase información ás persoas candidatas para valorar a súa opinión sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o interese polo emprego.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega e convocarase á realización da proba escrita.

3. **Proba Escrita (máximo 3 puntos).** A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas para avaliar competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto de traballo, aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades e adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de “NSNM”, serán excluídas do proceso de selección.

A relación provisional das puntuacións da proba escrita publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega, indicando o día que se concede para formular alegacións.

No caso de que non se presente ningunha alegación no prazo outorgado, se elevarán a definitivas as puntuacións provisionais acadadas, e convocarase á realización da proba práctica ás persoas candidatas que obtiveron unha puntuación superior a 1 punto.

4. **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que as persoas candidatas demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse de acordo á profesión e ás tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns: as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

A relación provisional das puntuacións da proba práctica publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega, indicando o día que se concede para formular alegacións.

No caso de que non se presente ningunha alegación no prazo outorgado, se elevarán a definitivas as puntuacións provisionais acadadas, e procederase á fase de baremación dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

IV. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05/04/2024, acordou aprobar a proposta de actualización da estrutura salarial logo da Comisión de Seguimento do Acordo Marco reunida o pasado 12 de marzo de 2024, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da dita proposta de actualización salarial do persoal beneficiario, a fin de garantir unha estrutura

salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións (táboas salariais publicadas no BOPPO núm. 74 do Martes, 16 de abril de 2024):

Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Import bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empre	Cotización por trab/pos	Custe total estimado
Aux. Administra	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/a	33,10	457,22	457,22	1.838,55
Delineante	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/-	33,25	574,58	574,58	2.302,65
Tecn. Aux PRL	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/-	33,25	574,58	574,58	2.302,65
Capataz.Constru	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/d	38,30	661,85	1.985,55	2.389,92
O. albanel	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	6.198,71	2.034,85
O. electricista	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	563,52	2.034,85
O. fontaneiro	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	563,52	2.034,85
O.Carp. aluminio	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	563,52	2.034,85
O.Carp. metálica	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	563,52	2.034,85
O.Carp. madeira	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	563,52	2.034,85
Ofic. pintor	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	563,52	2.034,85
O.Mecánico	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,30	563,52	563,52	2.034,85
Ofic. xardinaria	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/g	35,20	517,91	2.589,54	1.989,24
Ofic. conducción	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/f	38,30	563,52	5.635,19	2.034,85
Peón xardinaria	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/g	35,20	486,23	5.834,75	1.867,56
P. construción	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/d	38,30	529,05	12.697,22	1.910,38

Os custos totais das retribucións do persoal beneficiario a contratar serán determinados na aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local para o 2025, cuxo prazo estimado de contratación será a partir do **1 de xullo de 2025 ata o 31 de marzo de 2026** imputándose ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente aos anos 2025 e 2026:

- 2410 1310000 “PLAN DE EMPREGO INSERCIÓN LABORAL” SALARIOS:
- 2410 16000001 “PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.”

V. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira da área de Goberno.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

VI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo do 19 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2023, e modificación posterior do 28 de xuño 2024, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. **Aprobar as bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2025 que se achegan no anexo I.**
2. **Proceder á publicación das bases de selección no Boletín Oficial da Provincia e Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento. Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2025

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Emprego, ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral*"

co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Quinta Tenencia de Alcaldía e Concelleira da Area de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, pon en marcha este plan, concretado na realización de contratos de duración determinada, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral, en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas coa actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais *"integrados no seu cadro de persoal"*.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Plan Municipal de Emprego, estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

O Plan Municipal de Emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 9 meses en cada unha das dúas quendas previstas, creando oportunidades de emprego e mellorando os espazos públicos de carácter e título municipal.

2. OBXECTO

O PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO é un plan de acción directa, concretado na realización de contratos de duración determinada (máximo 9 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas coa actividade propia da Administración municipal, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

As actuacións a desenvolver atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais e que non se incardinan dentro dos servizos municipais ordinarios que ven proporcionando a administración municipal, senón en actuacións de mellora e rexeneración da contorna urbana.

3. OCUPACIÓNS BÁSICAS.

As contratacións no marco do Plan Municipal de Emprego efectuaranse no desenvolvemento das seguintes profesións: peóns, oficiais, capataces, e persoal técnico e administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de persoas beneficiarias a seleccionar determinarase no momento da publicación das bases da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

feita a correspondente e previa consignación pola Intervención Municipal para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, nas seguintes categorías ou grupos profesionais:

- | | | |
|--|---|------------------------------------|
| • <i>Auxiliar administrativo</i> | • <i>Oficial albanelería</i> | • <i>Peóns construción</i> |
| • <i>Delineante</i> | • <i>Oficial carpintería aluminio</i> | • <i>Peóns xardinería-forestal</i> |
| • <i>Técnico Auxiliar Prevención Riscos Laborais</i> | • <i>Oficial carpintería madeira</i> | |
| • <i>Capataz construción</i> | • <i>Oficial carpintería metálica</i> | |
| | • <i>Oficial condutor</i> | |
| | • <i>Oficial electricidade</i> | |
| | • <i>Oficial fontanería</i> | |
| | • <i>Oficial mecánico mantemento maquinaria</i> | |
| | • <i>Oficial pintura</i> | |
| | • <i>Oficial xardinería-forestal</i> | |

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

O Plan Municipal de Emprego 2025 é un instrumento elaborado para a realización de contratos de duración determinada (máximo 9 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

4.1. Duración.-

- Como máximo 9 meses, coincidindo coa duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do Plan Municipal de Emprego, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba con carácter xeral para as persoas contratadas de un mes.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitas, en todo caso e, respecto de calquera outra incidencia da relación laboral que se considere oportuno engadir en base á lexislación vixente, de acordo ao contido dos informes de RR.HH. e da Intervención Xeral.

4.2. Modalidade.-

Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada (artigo 1º Acordo Marco), a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405) que se xunta ás presente bases reguladoras, cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

4.3. Retribucións.-

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTADOS NO OUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	PUNTUACIÓN TOTAL MP + MA
1º	COSTAS VILLAR, A ***2517**	57	0	57	5	7	15	27	84

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1884/1102

II.-) Aprobar, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, a bolsa de emprego do Proceso 37, quedando integrada polos seguintes candidatos:

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NO OUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERA R PROCES O SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITO S ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
2º	ALONSO VIDAL, T ***6403**	19,80	0	19,80	0	40	0	40	59,80
3º	CARRERA FERREIRA ***6122**	10,80	0	10,80	15	40	0	40	50,80

DÉCIMO OCTAVO.-

I.-) Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada no **PROCESO Nº 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. LABORAL FIXO, C2.** Exp. 43792-220, ao candidato

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NO OUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
1º	BASTOS CABALEIRO, F (***7239**)	14,40	0	14,40	5	40	0	40	54,40

II.-) Aprobar, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, a bolsa de emprego do Proceso 38, quedando integrada polos seguintes candidatos:

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NO OUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTIV O SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
2º	LÓPEZ DAVILA, D ***4487**	14,40	0	14,40	5	40	0	40	54,40
3º	LORENZO RODRÍGUEZ, R ***8505**	14,40	0	14,40	5	40	0	40	54,40

4º	COMESAÑA FERNÁNDEZ, I ***8548**	12	0	12	10	40	5	40	52
5º	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J ***3241**	7,20	4,20	11,40	0	40	5	40	51,40
6º	PÉREZ COSTAS, R ***6881**	10,80	0	10,80	15	40	0	40	50,80
7º	FAJARDO FARÍÑAS, J ***3040**	10,80	0	10,80	5	40	0	40	50,80
8º	SANDE RODRÍGUEZ, R ***5679**	10,80	0	10,80	0	40	0	40	50,80

DÉCIMO NOVENO.-

I.-) Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada no **PROCESO Nº 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. LABORAL FIXO - C2** (Exp. 43793/220), ao candidato

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NOUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
1º	PORTAS SAAVEDRA, M.J ***1235**	93,60	0	93,60	0	10	5	15	100

II.-) Aprobar, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, a bolsa de emprego do Proceso 39, quedando integrada polo seguinte candidato

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NOUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERA R PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITO S ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
2º	RODRÍGUEZ GARCÍA, Y ***7028**	24	0	24	0	40	0	40	64

VIGÉSIMO.-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 3 prazas convocadas no **PROCESO N° 40 OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES. LABORAL FIXO, C2.** Exp. 43794-220 aos candidatos

POSTO	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NO OUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIAL L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
1º	GARCÍA FIGUEROA, G ***9001**	60 servizos durante 14 anos, 2 meses, 21 días	0	0	5	40	5	40	100
2º	BARROS ALONSO, J.G ***3411**	60 servizos durante 14 anos, 2 meses, 21 días	0	60	0	40	0	40	100
3º	SILVA PEREIRA, B ***0358**	60 servizos durante 13 anos, 9 meses, 2 días	0	60	5	40	5	40	100

VIGÉSIMO PRIMEIRO.-

I.-) Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 4 prazas convocadas no **PROCESO N° 41 AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES. LABORAL FIXO, E.** Exp. N° 43795-220, aos candidatos

POSTO	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NO OUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULAC ACADEM . OFICIAL SUP. AL NIVEL	CUR SOS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
1º	FERNÁNDEZ PÉREZ, M.A ***1138**	60 (190 meses)	0	60	5	40	5	40	100
2º	MARCOS GUERRERO, L.A ***4445**	60 (176 meses)	0	60	5	40	0	40	100

3º	ROMÁN VÁZQUEZ, M.F ***0881**	60 (153 meses)	0	60	5	40	0	40	100
4º	VIÑAS HERNÁNDEZ, S ***5919**	60 (151 meses)	0	60	15	40	5	40	100

II.-) Aprobar, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, a bolsa de emprego do Proceso 41, quedando integrada polo seguinte candidato

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NOUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
5º	CASTRO MARCOTE, J ***8601**	21,60	0	21,60	5	40	0	40	61,60

VIGÉSIMO SEGUNDO.-

I.-) Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 7 prazas convocadas no **PROCESO Nº 42-ORDENANZA PORTEIRO/A. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, E.** Exp. 43796-220, aos candidatos

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NOUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
1º	VEGA PRIETO, S ***4021**	52,20	0	52,20	10	40	0	40	92,20
2º	CIGES REGUEIRO, M.P ***5408**	0	48,90	48,90	5	40	0	40	88,90
3º	RODRÍGUEZ PRIETO, S ***7120**	43,20	0	43,20	10	40	20	40	83,20
4º	FERNÁNDEZ GIL, A ***5700**	42	0	42	15	40	15	40	82
5º	CRUZ RODRÍGUEZ, M ***9720**	39	0	39	20	40	10	40	79



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

6º	GONZÁLEZ PEINADO, M.A ***2478**	32,40	0	32,40	5	40	20	40	72,40
7º	PÉREZ BANDE, E ***2116**	31,20	0	31,20	5	40	10	40	71,20

II.-) Aprobar, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, a bolsa de emprego do Proceso 42, quedando integrada polos seguintes candidatos

POSTO	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTADOS NO OUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFESIONALES	TITULACIÓN ACADEMICA M. OFICIAL SUP. AL NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEMICOS	PUNTUACIÓN TOTAL MP + MA
8º	TERRE GONZÁLEZ, I ***6633**	30,60	0	30,60	20	40	0	40	70,60
9º	ROCA BARCIA, A ***3269**	27,60	0	27,60	20	40	10	40	67,60
10º	VICENTE PIÑEIRO, M.E ***7966**	25,20	0	25,20	5	40	15	40	65,20
11º	CAMPOS POSADA, I.L ***6242**	25,20	0	25,20	10	40	10	40	65,20
12º	CID RODRÍGUEZ, M ***4579**	24,60	0	26,40	10	40	10	40	64,60
13º	IGLESIAS CARRIL, F ***9793**	12,60	10,80	23,40	5	40	10	40	63,40
14º	MARTÍNEZ ALONSO, D ***2452**	0	15,30	15,30	5	40	5	40	55,30
15º	SOTO HERMIDA, J.M ***0646**	14,40	0	14,40	0	40	15	40	54,40
16º	RIAL REY, M ***5893**	14,40	0	14,40	5	40	0	40	54,40
17º	GONZÁLEZ RAMOS, V ***2046**	0	12	12	5	40	0	40	52
18º	GÓMEZ YAÑEZ, M ***6016**	10,80	0	10,80	10	40	10	40	50,80

VIGÉSIMO TERCEIRO.-

I.-) Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado concurso de méritos para 9 prazas convocadas no **PROCESO Nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO, LABORAL FIXO, E.** Exp. Nº 43797-220, aos candidatos,

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NOUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
1º	RIAL SANROMAN, M ***5177**	60 antigüidade 27/08/2007	0	60	5	40	0	40	100
2º	TEIXEIRA RODRÍGUEZ, ***2556**	60 antigüidade 5/10/2009	0	0	5	40	0	40	100
3º	CASTRO MARCOTE, J ***8601**	60 antigüidade 24/06/2010	0	60	5	40	0	40	100
4º	VILA ARAGUNDE, S ***2323**	60 antigüidade 23/08/2010	0	0	10	40	0	40	100
5º	GARCÍA ÁLVAREZ, F ***0471**	60 antigüidade 01/05/2011	0	60	5	37,70	0	40	100
6º	IGLESIAS ABALDE, A ***7575**	60 antigüidade 07/09/2011	0	60	5	39	0	40	100
7º	SANTIBAÑEZ PASCUAL M.A ***3312**	60 antigüidade 08/09/2011	0	60	5	40	0	40	100
8º	PUJOL LIMA, J.M ***8462**	60 antigüidade 09/01/2012	0	60	5	40	0	40	100
9º	CERVIÑO PÉREZ, J.A ***1149**	60	0	0	15	6,50	0	21,50	81,50

II.-) Aprobar, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, a bolsa de emprego do Proceso 43, quedando integrada polos seguintes candidatos

POST O	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZO S PRESTAD OS NO CONCELL O VIGO E O.A	SERVIZO S PRESTAD OS NOUTRAS ADM. PÚBLICA S	TOTAL MÉRIT OS PROFES I	TITULA C ACADE M. OFICIA L SUP. AL NIVEL	CURS OS	SUPERAR PROCESO SELECTI VO SEN PRAZA	TOTAL MÉRIT OS ACADE M.	PUNTUACI ÓN TOTAL MP + MA
10º	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, A ***9606**	0,60	29,10	29,70	10	40	5	40	69,70
11º	BASTOS VILLAR, P ***7157**	29,40	0	29,40	5	40	10	40	69,40
12º	CALLES ALONSO, B ***6532**	26,40	0	26,40	10	40	0	40	66,40
13º	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, G ***5235**	10,80	0	10,80	5	40	0	40	50,80



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

VIGÉSIMO CUARTO.-

Remitir o expediente tramitado á Área de Recursos Humanos ao obxecto de que proceda consonte ao previsto a Base Xeral Décimo Terceira e Cuarta (*PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN*).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(270).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS E DECLARACIÓN DE DESERTA DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABAJO DE XEFE/A DE ELECTROMECÁNICOS. EXPTE. 44254/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/04/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 93, do 13 de maio de 2024.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 108, do mércores 5 de xuño do 2024.

No Boletín Oficial del Estado núm. 147, do martes 18 de xuño do 2024, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 9 de xullo do 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal consta a presentación de varias persoas aspirantes, aprobándose por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/11/2024 a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso de provisión definitiva do posto de traballo, convocándose á Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos, para o día 26 de novembro de 2024 as 9:00h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

Constan no expediente as actas da Comisión de Valoración, de datas de sinatura electrónica 27/11/2024 (sesión constitutiva); 13/12/2024 (avaliación definitiva e proposta de declaración de convocatoria deserta) e rectificación de anuncio de data 18/12/2024, contendo éste último documento a seguinte proposta:

«Primeiro.- Desestimar, nos termos sinalados nesta acta, as alegacións formuladas pola Sra. Arranz González na súa reclamación presentada co rexistro de entrada núm. R20240107169 de 10/12/2024 (cód. doc. 240386051, cód. solíc. W1221846-5103).

Segundo.- Elevar a definitiva a valoración provisional outorgada por este Tribunal na súa sesión do 26/11/2024 na primeira fase do proceso á aspirante admitida que se une como Anexo I a este acta como proposta do Tribunal.

Terceiro.- Declarar á aspirante Sra. Arranz González excluída do proceso aon non superar a puntuación mínima establecida na base cuarta, primeira fase, das específicas que rexen este proceso de provisión do posto.

Cuarto.- Declarar deserto o proceso de provisión do posto de Xefatura de Electromecánicos que se tramita no expte electrónico 44254/220 ao non existir aspirantes que superasen a puntuación mínima sinalada na base cuarta das específicas que o rexen.»

Conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria, unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houbese, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

Consta certificación da exposición do anuncio de puntuación final e proposta de declaración de convocatoria deserta do posto de traballo obxecto de convocatoria no período temporal comprendido entre o 18/12/2024 e o 03/01/2025, ambos inclusive.

A vista da acta formulada pola Comisión de Valoración en sesión de data 13/12/2024 (rectificación de data 18/12/2024) e visto o procedemento de provisión definitiva desenvolto consono ás bases rectoras do mesmo, foi emitida proposta de acordo ao órgano competente en data 15/01/2025 (trámite 153 do expediente)

Figura recibido documento número 250011470 de data 17/01/2025, presentado pola interesada D^a B. Arranz González, no cal se interpón recurso de alzada en relación coa resolución das alegacións presentadas e baremación definitiva do proceso de provisión.

Remitido en data 20/01/2025 mediante a xestión ao secretario do devandito proceso, incorpórase acta (trámite 166) na cal reflíctese o acordo da comisión de valoración, co teor literal seguinte (NOTA: datos persoais anonimizados):

"Bases xerais: Xunta de Goberno Local de 20/10/2023 (BOP de Pontevedra núm. 218 de 13/11/2023). Xunta de Goberno Local de 15/03/2024 (BOP de Pontevedra núm. 59 de 22/03/2024). Xunta de Goberno Local de 22/03/2024 corrección erros (BOP de Pontevedra núm. 63 de 01/04/2024) (Expte 41702/220).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Bases específicas e Convocatoria:: Xunta de Goberno Local de 26/04//2024, punto 13 da acta da sesión (BOP de Pontevedra núm. 93 de 13/05/2024).

Convocatoria: DOG núm. 108 de 05/06/2024, páx. 34180. BOE núm. 147 de 18/06/2024, páx. 70672.

Lista definitiva de admitidos e Tribunal: Xunta de Goberno Local de 04/11/2024, punto 9 da acta da sesión (URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=734&lang=ga>)

Resumo da valoración provisional realizada en sesión do 26/11/2024 e publicado na seguinte URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=734&lang=ga>

Resumo da valoración definitiva realizada en sesión do 13/12/2024 e publicado o 18/12/2024 no Portal de transparencia na seguinte URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=734&lang=ga>

Tribunal composición:

Presidente/a:

D. A. Escariz Couso, Interventor Xeral do Concello de Vigo.

Vogais:

Dña. M. d. C. Pazos Area, Directora de Ingresos e Xestión Catastral delegada.
Dña. B. Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Secretario:

D. J. Villán Fuertes, Secretario Xeral de Pleno.

Primeira fase (concurso).

Lugar: Casa do Concello de Vigo, Sala de xuntas do Servizo de Secretaría (primeiro andar).

Data: 28/01/2025.

Hora de inicio: 10:15 h

Hora de remate: 10:55 h

Sesión de análise de recurso de alzada.

Na sala de reunións de secretaría da casa consistorial do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do martes 28/01/2025 reúnen os membros do Tribunal arriba mencionados para a resolución do recurso de alzada presentado fronte á avaliación definitiva da fase primeira de concurso no proceso de provisión citado no encabezamento desta Acta.

Segundo consta no expediente administrativo 44254/220, fronte á valoración definitiva efectuada por este Tribunal da primeira fase do proceso, publicada segundo arriba se indicou, formularase o recurso de alzada que mais adiante se indica.

O artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, sinala: “Artículo 121. Objeto. 1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos”.

En cumprimento do sinalado no segundo apartado deste artigo este Tribunal informa sobre o recurso presentado.

Recurso de alzada.

Recorrente: ARRANZ GONZÁLEZ, B.

Rexistro de entrada núm. R20250005051 de 17/01/2025.

Cód. Doc. 250011470.

Cód. solíc. W1235544-7995

Resolución recorrida: *Acordos adoptados polo Tribunal na sesión celebrada o 13/12/2024, acta núm. 2.*

A recorrente indica, de acordo coa normativa e a xurisprudencia que cita nas súas alegacións, que a consolidación do grado é automática, desempeñando dende o seu ingreso un posto de traballo co nivel 26 de CD, polo que entende que ese grado persoal debeu ser valorado polo Tribunal. O recurso na súa motivación reproduce literalmente, esta vez en galego, a argumentación das súas alegacións presentadas con rexistro de entrada núm. R20240107169 de 10/12/2024 (Cód. Doc. 240386051, cód. solíc. W1221846-5103) e que foron tratadas por este Tribunal na súa sesión do 13/12/2024.

Dado que a aspirante, hoxe recorrente, non engade no recurso de alzada documentación ou motivación algunha diferente ao xa argumentado no tramite de alegacións á avaliación provisional, este Tribunal mantén o seu criterio exposto naquela acta núm. 2 da sesión celebrada o 13/12/2024 e incorporada ao expte electrónico 44254/220 (trámite 145), así como os acordos adoptados. Non obstante dada a natureza revisora do recurso de alzada (art. 119 da Lei 39/2015) o órgano competente para a súa resolución adoptará motivadamente (art. 35.1.b da Lei 39/2015) o acordo oportuno.

Sendo ás 10:55 horas do día da data do encabezamento o Sr. Presidente da por rematada a sesión, redactándose de todo elo a presente acta.”

En consecuencia, e en base ao acordo adoptado polo órgano de selección (comisión de valoración) no cal se ratifica no acordo e motivación contidos na acta da sesión núm. 2, pola presente procédese a elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver conforme ás atribucións competenciais contidas no artigo 127.1.h da Lei 7/1985, do 2



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

de abril, reguladora das bases do réxime local; non sendo preceptivo o previo informe de fiscalización pola Intervención Xeral Municipal dada a ausencia de contido económico, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de alzada presentado en documento número 250011470 de data 17/01/2025, pola interesada D^a B. Arranz González en relación coa resolución das alegacións presentadas e baremación definitiva do proceso de provisión, de conformidade coa motivación contida nas actas da comisión de valoración nº 2 (data de sinatura 13/12/2024, incorporada ao expediente electrónico nº 44.254-220, trámite 145) e nº 3 (data de sinatura 29/01/2025, incorporada ao expediente electrónico 44.254-220, trámite 166)

SEGUNDO.- Declarar deserta a convocatoria para a provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos do Concello de Vigo descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, consonte á proposta efectuada pola Comisión de Valoración contida nas actas que obran incorporadas ao expediente electrónico nº 44.254-220, e ao non existir aspirantes que superasen a puntuación mínima sinalada na base cuarta das específicas que o rexen.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.- Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(271).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL, SUBGRUPO A2, POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DA PERSOA TITULAR. EXPTE. 45444/220.

Visto o informe de fiscalización do 15/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/04/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Pola Área de Benestar Social solicítase persoal interino en substitución da traballadora con número de persoal 79557, con praza e posto de Diplomada en Traballo Social (subgrupo A2), que actualmente figura en situación de liberada sindical.

II.- Consta incorporado ao expediente (trámite 37), informe de verificación da previa da oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, no que se recolle o seguinte:

“(...) Vista a orde de incoación obrante no trámite núm. 9 do expediente administrativo de referencia para tramitación de nomeamento interino de 1 efectivo na categoría de diplomado/a traballos sociais, por substitución do/a titular (art. 10.1.b) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable. En concreto:

*- Contactado co primeiro aspirante figurando na devandita lista de reserva presenta aceptación do nomeamento e a documentación correspondente: J RIAL MARTINEZ, con DNI ***7775**. Posteriormente comunica a súa renuncia xustificada en documento 250059142, de data 15/03/2025, por convocatoria de elección de destino definitivo na súa administración de orixe.*

*- Contactada a seguinte aspirante da lista, presenta aceptación do nomeamento e a documentación correspondente: L PENAS MORALES, con DNI ***6338**.*

- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como diplomado/a traballos sociais á candidata que se relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou mediante rexistro electrónico a documentación requirida para o efecto:*

*L PENAS MORALES, con DNI ***6338***

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

III.- En data 03/04/2025, a técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos emitiu o seguinte informe:

“Solicitada cuantificación económica de gasto para cobertura temporal dunha praza de Diplomada/a Traballo Social, asociada ao posto 81 – diplomada traballos sociais, informase o custo anual:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Posto	Cod. 81 Diplomado Traballo social			A2 – CD 25 – CE 690	
Básicas	CD	CE	Total Retr.	Estim. seg so- cial	Total posto
15.441,76 €	10.376,10 €	17.972,64 €	43.790,50 €	11.252,76 €	55.043,26 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007,

por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estritamente necesario, e, en todo caso, por período máximo de tres anos.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 04/05/2025:

Posto	Cod. 81 Diplomado Traballo social			A2 – CD 25 – CE 690	
Básicas	CD	CE	Total Retr.	Estim. seg so- cial	Total posto
15.441,76 €	10.376,10 €	17.972,64 €	43.790,50 €	11.252,76 €	55.043,26 €

– Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

VIII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Diplomada/o Traballo Social (subgrupo A2)
- Modalidade legal: persoal funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):
 - substitución da traballadora con número de persoal 79557, que actualmente figura en situación de liberada sindical.
- Destino: BENESTAR SOCIAL



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

- Período temporal: polo tempo estritamente necesario durante a substitución da titular, coa duración contemplada na normativa vixente, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP, sen que, en ningún, caso a duración poida superar os tres anos de duración.
- Custe económico: Estímase un custe anual por importe total de **55.043,26 €**, dos cales con cargo ás aplicacións orzamentarias 920.0.140.0000 (retribucións), sería un importe de 43.790,50 € e con cargo á 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa), polo importe de 11.252,76 €.

Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Diplomada/o en Traballo Social (subgrupo A2), por substitución da traballadora co número de persoal 79557, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

*-L. PENAS MORALES, con DNI ***6338***

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, á xefatura de Benestar Social, Inspección de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(272).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS”. EXPTE. 5990/330.

Visto o informe xurídico do 26/03/2025 e o informe de fiscalización do 15/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/03/2025, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 12 de febreiro do 2025, a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo ” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do Programa “Vente con nós 2025”; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 100.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0023 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, motivo polo que desenvolven dende hai varios anos o programa **VENTE CON NÓS** na cidade de Vigo que prevé un circuío de actuacións polos barrios e parroquias de termo municipal de Vigo no que participan grupos de música, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo co obxecto de potenciar difundir e apoiar o folclore galego, a música e o teatro.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2025:

ENCANTRO FOLCLÓRICO

O Encontro Folclórico é unha actividade que este 2025 chega á súa 21 edición e que se desenvolve en catro auditorios de centros culturais integrantes da Agrupación e na que se amosa o traballo artístico de 19 grupos de baile.

Data	Nº Grupos
16/03/2025	5
06/04/2025	5
21/09/2025	5
28/09/2025	4



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

DÍA INTERNACIONAL DO TEATRO

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican o teatro e que ten lugar en dúas datas da mesma fin de semana para facilitar a participación dos dez grupos federados. O programa contempla a lectura do manifesto e actuacións especialmente preparadas para este feito.

Data	Nº Grupos
22/03/2025	5
23/03/2025	5

DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican a danza que terá lugar o día 26 de abril do 2025. O evento consiste na actuación de xeito simultaneo de 20 grupos de baile en seis ubicacións da cidade. No acto central, previo ó espectáculo procédese a lectura do manifesto polo Día da Danza tras un pequeno acto protocolario.

Data	Nº Grupos
26/04/2025	20

BAILE MODERNO

Festival que ten lugar en tres datas e en auditorios dos centros culturais federados. Neste festival participan un total de dez grupos de baile moderno de entidades integradas na Agrupación. Un ciclo de actuacións para outra das modalidades artísticas que entre os dez grupos superan os 500 intérpretes e que enchen de público os auditorios cada tempada.

Data	Nº Grupos
25/05/2025	3
22/06/2025	4
29/06/2025	3

CERTAME DE TEATRO

Mostraxe de teatro que ten lugar nos auditorios dos centros culturais e no que participan este 2025, dez grupos de teatro que forman parte da Agrupación. Un certame que suma xa 15 anos desde a súa posta en marcha e que constitúe o único circuío de teatro afeccionado que se desenvolve na rede de auditorios dos centros culturais de Vigo.

Data	Nº Grupos
04/10/2025	1
05/10/2025	1
11/10/2025	1
12/10/2025	1
18/10/2025	1
19/10/2025	1
25/10/2025	1
26/10/2025	1
01/11/2025	1
02/11/2025	1

VENTE CON NÓS - BAILE

Circuito de actuacións dos grupos folclóricos de baile integrados na Agrupación, que comeza este ano á súa vixésimo primeira edición. Este circuito está aberto a solicitude dos colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

Total actuacións a distribuir: 20

VENTE CON NÓS - MÚSICA

Total actuacións a distribuir: 9

Circuito de actuacións dos grupos folclóricos musicais integrados na Agrupación que está aberto a solicitude dos colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 130.510 € (cento trinta mil cincocentos dez euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 100.000 €
- Fondos Propios: 30.510 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o día 21.03.2025 doc.250066477)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, para o desenvolvemento do programa "Vente con nós 2025", obxecto do convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 18.000 €; Neste exercicio 2025 está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2024, BOPPO núm. 250 do 27 de decembro de 2024, na aplicación 3340.480.00.23, un importe, segundo a proposta, de 100.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *"Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor da Agrupación de Centros Culturais e Deportivos de Vigo para o programa Vente con Nós, pasando dos 18.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 100.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2025, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o desenvolvemento do programa "Vente con nós"

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do Programa Vente con nós 2025, figurando na aplicación 3340.480.0023 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 100.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 100.000 € (cen mil euros) á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF. G-36791291, para a organización do Programa Vente con Nós 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.0023 AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, VENDE CON NÓS que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos de Culturais de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Programa “Vende con nós”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS 2025”

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Eduardo Alonso Román, DNI 36.063.388-D, como presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais (CIF G-36.791.291) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Ecuador, nº 34 local baixo, CP 36203, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos segundo nomeamento en acta da assemblea da Federación do 22 de novembro do 2024, inscrito por resolución da Xunta de Galicia do 13 de xaneiro do 2025.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, motivo polo que desenvolven dende hai varios anos o programa **VENTE CON NÓS** na cidade de Vigo que prevé un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias de termo municipal de Vigo no que participan grupos de música, teatro, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo co obxecto de potenciar difundir e apoiar o folclore galego e o teatro*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa colaborar economicamente na execución da programación da **“AGRUPACIÓN DE***



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO", como medio que é de promover as actividades lúdicas na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.0023, como subvención nominativa, a favor da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, VENDE CON NÓS** a cantidade de 100.000 euros.

IV.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa Vente con nós 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 130.510 € (cento trinta mil cincocentos dez euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 100.000 €
- Fondos Propios: 30.510 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Neste programa participarán grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto e realizaranse as seguintes actividades:

ENCONTRO FOLCLÓRICO

O Encontro Folclórico é unha actividade que este 2025 chega á súa 21 edición e que se desenvolve en catro auditorios de centros culturais integrantes da Agrupación e na que se amosa o traballo artístico de 19 grupos de baile.

Data	Nº Grupos
16/03/2025	5
06/04/2025	5
21/09/2025	5
28/09/2025	4

DÍA INTERNACIONAL DO TEATRO

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican o teatro e que ten lugar en dúas datas da mesma fin de semana para facilitar a participación dos dez grupos federados. O programa contempla a lectura do manifesto e actuacións especialmente preparadas para este feito.

Data	Nº Grupos
22/03/2025	5
23/03/2025	5

DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican a danza que terá lugar o día 26 de abril do 2025. O evento consiste na actuación de xeito simultáneo de 20 grupos de baile en seis ubicacións da cidade. No acto central, previo ó espectáculo procédese a lectura do manifesto polo Día da Danza tras un pequeno acto protocolario.

BAILE MODERNO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Data	Nº Grupos
26/04/2025	20

Festival que ten lugar en tres datas e en auditorios dos centros culturais federados. Neste festival participan un total de dez grupos de baile moderno de entidades integradas na Agrupación. Un ciclo de actuacións para outra das modalidades artísticas que entre os dez grupos superan os 500 intérpretes e que enchen de público os auditorios cada tempada.

Data	Nº Grupos
25/05/2025	3
22/06/2025	4
29/06/2025	3

CERTAME DE TEATRO

Mostraxe de teatro que ten lugar nos auditorios dos centros culturais e no que participan este 2025, dez grupos de teatro que forman parte da Agrupación. Un certame que suma xa 15 anos desde a súa posta en marcha e que constitúe o único circuío de teatro afeccionado que se desenvolve na rede de auditorios dos centros culturais de Vigo.

Data	Nº Grupos
04/10/2025	1
05/10/2025	1
11/10/2025	1
12/10/2025	1
18/10/2025	1
19/10/2025	1
25/10/2025	1
26/10/2025	1
01/11/2025	1
02/11/2025	1

VENTE CON NÓS - BAILE

Circuito de actuacións dos grupos folclóricos de baile integrados na Agrupación, que comeza este ano á súa vixésimo primeira edición. Este circuito está aberto a solicitude dos colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

Total actuacións a distribuír: 20

VENTE CON NÓS - MÚSICA

Total actuacións a distribuír: 9

Circuito de actuacións dos grupos folclóricos musicais integrados na Agrupación que está aberto a solicitude dos colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Eduardo Alonso Román, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar e acadar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos espazos públicos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas e instalación de elementos.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (100.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material

gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xullo, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 30 de xuño do 2025
- b) Un segundo pagamento e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas no período comprendido entre o 1 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

xullo ata o 10 de novembro do 2025. **O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 11 de novembro do 2025.**

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime

local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/110?

GASTOS

BAILE MODERNO

Baile Moderno			
Concepto	Nº	Importe	Total
Actuacións	10	500,00 €	5.000,00 €
TOTAL			5.000,00 €

CERTAME DE TEATRO

Certame de Teatro			
Concepto	Nº	Importe	Total
Actuacións	10	750,00 €	7.500,00 €
TOTAL			7.500,00 €

VENTE CON NÓS – BAILE

Vente con Nós Baile			
Concepto	Nº	Importe	Total
Actuacións	20	750,00 €	15.000,00 €
TOTAL			15.000,00 €

VENTE CON NÓS – MÚSICA

Vente con Nós Música			
Concepto	Nº	Importe	Total
Actuacións	9	500,00 €	4.500,00 €
TOTAL			4.500,00 €

XESTIÓN – COORDINACIÓN – PRODUCCIÓN

Gastos producción	19.000,00 €
<i>Sonido, iluminación, portes, etc.</i>	
Gastos coordinación actuaciónes	7.260,00 €
Gastos dirección programa actividades	20.000,00 €
Gastos administración	10.000,00 €
Presentación eventos	5.500,00 €
TOTAL	61.760,00 €

TOTAL GASTOS

Total cachés actuacións	68.750,00 €
Total xestión e produción	61.760,00 €
TOTAL	130.510,00 €

INGRESOS

Ingresos	
Concepto	Total
Convenio Concello de Vigo	100.000,00 €
Fondos propios	30.510,00 €
TOTAL	130.510,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1884/1102

14(273).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FESTA DA CULTURA 2025. EXPTE. 5996/330.

Visto o informe xurídico do 27/03/2025 e o informe de fiscalización do 11/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/03/2025, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 17 de febreiro do 2025, a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da “Festa da Cultura 2025”; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente para asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.

A Festa da Cultura 2025 terá lugar os días 26 e 27 de xullo na Porta do Sol con actuacións dos distintos grupos federados da Agrupación, e con concertos nocturnos que terán lugar na mesma ubicación.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 25.000 € (vintecinco mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 20.000 €
- Achega da Agrupación de Centros Culturais: 5.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade

- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio con data de entrada na sede electrónica do Concello o 21 de marzo do 2025 (doc. 250066480)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

